

## REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

A Federación Coral Galega (FE.CO.GA), rexerase por un regulamento de Réxime Interno que, xunto cos Estatutos serán de obrigado cumprimento por parte de tódalas corais federadas.

### OBRIGAS DAS CORAIS:

- 1.- Comunicar a Xunta Directiva de FE.CO.GA os cambios que se produzan: número de conta bancaria, nova xunta directiva, e-mail, director, nun prazo máximo de trinta días naturais, desde que se produza o cambio. Enviárase fotocopia da acta, onde queda constancia de citados cambios.
- 2.- As corais invitadas ós concertos subvencionados pola Federación Coral Galega, teñen a obrigaón de entregar á Coral organizadora con dez días antes da celebración do concerto as partituras xerais das obras interpretadas para que as remita á Federación.
- 3.- Tanto nos concertos como nos cursos subvencionados pola Federación, enviarase certificado expedido polo/a secretario/a da Coral co VºBº do presidente/a de que se realizou a actividade. Os cursos de técnica subvencionados por FE.CO.GA non poderán ser impartidos polo/a director/a da propia coral ou membros do seu propio coro.

### DEREITOS DAS CORAIS:

- 4.- Poderán buscar fontes de financiamento para a organización de concertos ou festivais que poderán compaxinar coa subvención da Federación.
- 5.- Solicitar a colaboración da Federación ante os organismos oficiais: Consellerías, Deputacións, Concellos, etc, para a organización das actividades relacionadas coa Coral.
- 6.- Agruparse varios coros para participar nos Cursos de Técnica vocal ou Talleres de música, cando o número de coristas sexa menor de 30.
- 7.- Solicitar a Federación unha subvención pola celebración do seu X, XXV e L aniversario que será de 300 euros, dentro do ano de súa celebración. Cada tres anos as corais poden solicitar unha subvención ben para a organización dun concerto, ben para un Curso de Técnica vocal. O importe será de 800 e 550 euros, respectivamente.
- 8.- Sen perder o seu vínculo exclusivo coa Federación, as Corais poderán constituír delegacións comarcais de FE.CO.GA, estando estas sempre baixo a dirección dun representante (delegado de Zona) da propia Federación. Deste xeito podería acadarse unha maior operatividade na relación cos coros de cada comarca. A este respecto, apúntase a posibilidade de constituír delegacións aparte das existentes en Ordes, Costa da Morte, Ribeira, Viveiro, Ribadeo, Monforte, Valdeorras, Ribadavia, etc.

*Que cada delegado comarcal ou persoa na que delegue asista ós actos organizados polas corais da súa contorna.*

*Que as delegacións comarcais opten a dispoñer de axencias ou empresas de autobuses a utilizar para os desprazamentos, cun prezo negociado de antemán e supervisado por FE.CO.GA. Deste xeito podería establecerse algún tipo de convenio ou convenios con determinadas compañías, cunha redución dos custos de desprazamento.*

#### CONSIDERACIÓN DE FALTAS LEVES:

*9.- A non asistencia xustificada a dúas Asembleas seguidas ou a catro alternas e que non houberan delegado seu voto noutra Coral.*

*10.- Pasarse no prazo de envío dos cambios nas corais: xunta directiva, número de conta bancaria, e-mail, etc.*

#### CONSIDERACIÓN DE FALTAS GRAVES:

*11.- Non enviar as partituras xerais das obras interpretadas nos concertos subvencionados pola Federación, ocasionando un prexuízo económico á Coral organizadora.*

*12.- Falsidade no certificado emitido pola Coral sobre a actividade desenrolada.*

*13.- Aquelas corais invitadas que unha vez comprometida a súa asistencia a un concerto organizado pola Federación non acudan por causa xustificada cunha antelación de 15 días antes da data do concerto.*

#### SANCIÓNS:

*14.- No caso das faltas leves, serán un apercibimento por escrito. No caso de ser reincidente, consideraríase falta grave.*

*15.- No caso de falta grave, abriríase un expediente disciplinario. A Xunta Directiva da Coral a quen se lle abriría expediente será escoitada nun prazo de dez días naturais desde que lle fora comunicada a apertura do expediente, para que expoña os seus argumentos.*

*Unha vez escoitada a Coral expedientada, a Xunta Directiva da Federación comunicarlle a súa decisión.*

*No caso de ditaminar a expulsión da Coral da Federación, o Coro expulsado poderá recorrer á Asemblea Extraordinaria que será en último caso quen ditamine a súa expulsión ou continuación dentro da Federación.*